

ROSALÍA REVISITADA

Catorce son os poemas de Rosalía de Castro que Anxo Angueira recita no CD que acompaña ó volume *Rosalía de Castro. Antoloxía* que vén de editar Xerais. Estamos polo tanto perante unha nova escolma da obra rosaliana que, en fermosa e moi coidada edición, se nos ofrece ordenada en sete apartados temáticos: “Terras de Rosalía”, “Santos, campás e pecados”, “Festas e fames”, “Elexías”, “Sombras e soidades”, “Verba de muller” e “Pola dignidade nacional”. E así, esta voz do noso Rexurdimento que concita ó seu redor “*unha cantidade extraordinaria, inesgotábel, de capital simbólico ao dispor e servizo do pobo galego*”, como afirma Angueira na Introducción, é, máis unha vez, revisitada.

Tempos Novos, 83, abril 2004, p. 72